

ACCIDENTES EN ACTO DE SERVIZO: PROFESORADO INTERINO, SUBSTITUTO E PERSOAL NON DOCENTE

Facer a xestión a través do centro educativo seguindo o procedemento recollido nesta circular: [Circular 2/2006 ACCIDENTES EN ACTO DE SERVIZO: Anexos a cubrir dende o centro educativo](#)

A mutua que o xestiona é [IBERMUTUA GALEGA](#).

PASOS A SEGUIR:

1. En accidentes leves ou cando o traballador non requira asistencia urxente, acuda ao centro asistencial de IBERMUTUA GALEGA ou concertado máis próximo ao lugar do accidente: [Rede de Centros](#) ou pode chamar ao **900 23 33 33**.

A persoa accidentada pode acudir ao centro asistencial co [Volante de solicitude de asistencia sanitaria para axilizar os trámites](#). Para o caso *de ser tido atendido previamente nun centro sanitario non incluído* na red de centros asistencial, deberá aportar toda a documentación médica relacionada co caso.

O talón de asistencia non substitúe o parte de accidente, pero permite axilizar a atención e contribúe á correcta cualificación das continxencias como profesionais ou comúns.

Unha vez prestada a asistencia sanitaria o traballador poderá atoparse nunha destas situacións:

- **O traballador non causa Baixa Médica.** Isto sucede cando o traballador só falta ao traballo o día do accidente, sen necesitar baixa médica. Nestes casos entregaráse un certificado médico por duplicado e deberá entregar un deles no centro de traballo.
- **O traballador causa Baixa Médica:** Neste caso expediráselle o correspondente parte médico de baixa por duplicado, e debe subir unha copia á aplicación de www.edu.xunta.gal/datospersoais no apartado de COMUNICACIÓN DE INCAPACIDADES no prazo de 3 días.

* *Pagamento Directo:* Se durante a situación de Incapacidade Temporal vostede causa baixa na empresa é a Mutua a que lle debe aboar a prestación de Incapacidade Temporal directamente.

Cando antes do prazo máximo de duración de 365 días, xa non se encontre incapacitado para o seu traballo, os Servizos Médicos de Ibermutua emitirán o parte médico de alta, e debe incorporarse ao seu posto de traballo ao día seguinte, subindo dito parte a aplicación de DATOSPERSOAIS momento no cal cesa o pagamento do subsidio de IT. Se tras o tratamento médico proporcionado lle restan secuelas definitivas, a MUTUA aboará as indemnizacións e pensións que a Entidade Xestora (INSS ou ISM) recoñeza tras a tramitación do expediente correspondente.